



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# FILMACIÓNS

Vigo, a 8 de xuño do 2009

Hoxe a primeira hora da mañá, fomos informados de que se vai proceder a facer filmacións no taller de RVCV, e máis concretamente na parte AV do B58. Din que ditas filmacións son nada máis que para ver os procesos operatorios e así poder evitar desprazamentos e movementos innecesarios, e despois poder facer un CHANTIER na UEP vendo o vídeo cos ADPS de distintas quendas, xunto con algúns traballadores/as.

Como todos ben sabedes ditas filmacións son de carácter voluntario, xa que non poden obrigarnos a someternos a ser filmados. Como xa deixamos claro onde se nos comunicou esta acción, para a C.I.G, este tipo de filmacións o que buscan, como sempre, é a eliminación de tempos, o mesmo que paralelamente tamén se busca a eliminación postos de traballo, que nada ten que ver ca mellora de proceso produtivo, e moito menos coa calidade.

O que si deberían mirar son os problemas nas cargas de traballo neses mesmos postos, así como as posturas anti-ergonómicas que teñen que adoptar as persoas que aí traballan, e que dende a CIG xa temos denunciado.

Por certo, temos solicitado, tamén, para este colectivo que se lles dea crema hidratante de mans os traballadores e traballadoras desta zona, xa que ó estar pasando a man continuamente polas superficies para detectar imperfeccións, prodúcenlles sequidade, gretas e escamacións. De momento só conseguimos que os responsables de dito taller valores co Servizo de Prevención e Servizo Médico para buscar unha solución.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**

[www.cigcitroen.com](http://www.cigcitroen.com)